

# CTO. GALEGO DE WÁTER-POLO BENXAMIN MIXTO

Tempada 2012 - 2013. Circular 12-41.

## 1.- PARTICIPACIÓN.

1.1.- Poderán tomar parte todos aqueles clubs inscritos na FEGAN, até un máximo de dous equipos por clube. Como caso excepcional un clube poderá inscribir até 3 equipos. Devandito caso virá condicionado polo Sistema de competición Modelo 6.

1.2.- Os xogadores deberán estar en posesión de licenza federativa de calquera modalidade da FEGAN.

1.3.- É de obrigado cumprimento para participar en devandito Campionato que todos os clubs presenten unha relación de xogadores ANEXO 1, onde figure o nome completo, a data de nacemento, o número de gorro con que disputará o encontro e o número de licenza Federativa acompañado da presentación do carné federativo antes de cada encontro.

1.4.- A idade dos xogadores será a dos nados no ano 2000 e posteriores en categoría masculina e feminina.

## 2.- INSCRICIÓN.

2.1.- Os clubs deberán confirmar a súa participación á FEGAN e remitir o ANEXO 1 debidamente cumprimentado utilizando un medio fidedigno polo menos 30 días antes da celebración do campionato.

2.2.- Os clubs que non cumpran os requisitos establecidos no punto anterior (2.1) quedarán automaticamente excluídos do Campionato.

2.3.- Unha vez finalizado o prazo e en función do número de equipos inscritos a FEGAN comunicará o Sistema de Xogo a empregar.

## 3.- CALENDARIO.

3.1.- Celebrarase un campionato de verán segundo o calendario paralelo ao Campionato Galego Alevín Mixto. A data pode ser modificada sempre que afecten dalgún xeito e previa xustificación ás competicións nacionais, nese caso comunicárase oportunamente a todos os clubs, volvendo fixar os novos prazos de inscrición.

## 4.- SISTEMA DE XOGO.

4.1.- Procurarase que se disputen o maior número de partidos posibles, aínda que, e tendo en conta a idade dos participantes, os partidos poderán organizarse con menor duración que a habitual, a expensas en todo caso das inscricións recibidas.

4.2.- No caso de que nun Sistema de Xogo existisen 2 opcións distintas a empregar, a FEGAN será quen decida que sistema de xogo se empregará.

4.3.- O horario dos encontros así como o número de partidos en cada xornada (mañá-tarde) será determinado pola FEGAN.

4.5.- Xogarase conforme ao Regulamento de Wáter-polo Benxamín de Galicia.

4.6.- O sorteo celebrarase no campionato anterior, no caso de que sexa o primeiro campionato en disputar, o sorteo celebrarase na sede da FEGAN, comunicando previamente a data e hora do mesmo.

## 5.- OBRIGAS DOS EQUIPOS.

5.1.- O equipo anfitrión sinalará á Secretaría da competición, antes do inicio do partido, quen é o DELEGADO DE CAMPO.

5.2.- O equipo anfitrión deberá dispor de actas, 3 cronómetros e as bandeiras de sinalización, e disporá conforme ás obrigacións que se especifican no Regulamento Xeral. (Sen prexuízo do anteriormente especificado, o equipo arbitral disporá sempre de actas para os partidos e chifres).

## 6.- TÍTULOS E PREMIOS.

6.1.- Ao finalizar a competición entregarase un trofeo ao equipo campión e trofeo-recordatorio a cada equipo participante e medallas aos compoñentes dos tres primeiros equipos clasificados e recordatorio a os compoñentes dos restantes equipos participantes.

A Coruña, 28 de setembro de 2012

Secretaría Xeral FEGAN